

A I e II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia premiadas por Salvamento Marítimo

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019.

Na mañá de onte, mércores 18 de decembro, tivo lugar en Madrid, na sede do Ministerio de Fomento, a entrega dos Premios de Salvamento Marítimo ODS14 “Por uns mares limpos”, e nos que o proxecto da I e II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional-Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, foi galardoado cun Accésit grazas ao traballo desenvolvido pola Rede nestes dous últimos anos, destacando especialmente as iniciativas de sensibilización para a conservación dos nosos mares, promovendo deste xeito o ODS 14.

Nun acto presidido polo ministro de fomento, D. José Luis Ábalos, foi Dona Cristina Gallach, alta comisionada para a axenda 2030, ex-secretaria xeral adxunta das Nacións Unidas e responsable de coordinar a aplicación dos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas en España, a encargada de entregar o premio ao vicedecano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, D. José Antonio Fernández Bouzas, como representante destas dúas entidades, beneficiaria e socia no proxecto, as que nesta segunda edición sumouse tamén como socia o Centro Oceanográfico de Vigo (IEO).

Tal e como recolle Salvamento Marítimo na súa páxina web, estes galardóns están dirixidos a persoas físicas, asociacións ou empresas que co seu traballo desenvolveron iniciativas dirixidas a concienciar sobre a necesidade de preservar o medio mariño e accións para loitar contra a contaminación, como limpeza de lixo mariño, a recuperación de fondos mariños ou incluso o desenvolvemento de elementos técnicos que faciliten a loita contra a contaminación.

Desde o propio Colexio de Biólogos de Galicia, Parque Nacional e Centro Oceanográfico de Vigo, non queren deixar pasar a ocasión para felicitar, agradecer e facer extensivo este prestixioso recoñecemento ás case 40 entidades que forman parte da Rede, por todas e cada unha das actividades que desenvolveron nestes dous últimos anos, decisivas sen lugar a dúbidas á hora de facerse con este importante galardón.

Compre tamén lembrar que ambas Redes para a recuperación dos ecosistemas mariños no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, contan coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica a través do Programa pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), sendo tamén complementarias ao proxecto LIFE IP INTEMARES “Xestión integrada, innovadora e participativa da Rede Natura 2000 no medio mariño español”, que coordina o Ministerio, a través da Fundación Biodiversidade, e que foi tamén galardoado no transcurso desta mesma cerimonia co primeiro premio á mellor contribución ao ODS con respecto da conservación dos nosos mares.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. (Telf.: 981531440)